

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE XULLO DE 2010.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas do día vinteito de xullo do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-Presidente D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados e D<sup>a</sup> Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 15.07.2010**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 15.07.2010.

### **2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN”, INCLUÍDAS NO POS 2010**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. BEGASUCEGSA, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN”, incluída no POS 2010 a D. BEGASUCEGSA no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 29.264,90 €

B) I.V.E.: 4.682,38 €

C) Total (A + B): 33.947,28 €

Todo elo tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62702 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 1.463,25 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

### **3.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA NOS DEPÓSITOS DE FRANZA”, INCLUÍDAS NO POS 2010**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. AQUAGEST, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “ACTUACIÓNS DE MELLORA NOS DEPÓSITOS DE FRANZA”, incluída no POS 2010 a D. AQUAGEST no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 27.771,19 €

B) I.V.E.: 4.998,81 €

C) Total (A + B): 32.770 €

Todo elo tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62700 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 1.388,56 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

### **4.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVENIDA DE GALICIA”, INCLUÍDAS NO POS 2010**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS S.L. (GAUXS), a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVENIDA DE GALICIA”, incluída no POS 2010 a D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS S.L. (GAUXS) no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 35.438,99 €

B) I.V.E.: 6.379,02 €

C) Total (A + B): 41.818,01 €

Todo elo tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.150.0.60902 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 1.771,95 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

### **5.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “EXECUCIÓN DA REDE DE COLECTORES NA RÚA PETEIRO”, INCLUÍDAS NO POS 2010**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS S.L (GAUXS)

, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “EXECUCIÓN DA REDE DE COLECTORES NA RÚA PETEIRO”, incluída no POS 2010 a D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS S.L (GAUXS) no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 45.505,80 €

B) I.V.E.: 8.191,04 €

C) Total (A + B): 53.696,84 €

Todo elo tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62701 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 2.275,29 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

### **6.-LICENZAS DE OBRA**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxucio de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

## **LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

**- D. ANTONIO RIVAS POL (EXPTE. 2010/006/000039) segundo solicitude de data 19 de abril de 2010**, para construción dunha adega de 25 m<sup>2</sup> totais construídos destinada a almacén agrícola, en Seselle núm. 7, referencia catastral: 3094909NJ6039S.

A adega situarase nunha parcela cualificada polo PXOM como Solo de Núcleo Rural (SNR), polo PXOM, e computa edificabilidade.

A adega non terá máis de dous metros de altura e non terá servizos hixiénicos, separará tres metros de calquera lindeiro.

A aliñación será segundo plano aportado pola propiedade de data 11 de maio de 2010; situarase na parte posterior da vivenda a 23 metros desta.

Orzamento: 1.200,00 euros.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**- D. BALDOMERO DÍAZ SARDIÑA (EXPTE. 2010/006/000016) segundo solicitude de data 16 de febreiro de 2010**, para cambio de cuberta nunha superficie de 130 m<sup>2</sup>, en Penela 4, O Seixo, referencia catastral: 001500800NJ61A.

Substituirase a cuberta existente con fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Orzamento: 7.285 euros.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

**- D. ANTONIO REY MARTÍNEZ (EXPTE. 2010/006/000034) segundo solicitude de data 12 de abril de 2010**, para cambio de tella dunha bodega, en Rilo 17, referencia catastral: 1713105NJ6111S.

Substituirase a cuberta existente con tella do país.

Non suporá modificación do volume existente.

Orzamento: 750 euros.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. JORGE VARELA BOGO (EXPTE. 2010/006/000049) segundo solicitude de data 6 de maio de 2010**, para construción dunha adega de 25 m<sup>2</sup> totais construídos destinada a almacén agrícola, en Areosa 25, referencia catastral: 131501NJ111S.

A adega situarase en solo de baixa densidade, e computa edificabilidade.

A adega non terá máis de dous metros de altura e non terá servizos hixiénicos, separará dous metros de calquera lindeiro.

A aliñación será segundo plano aportado pola propiedade de data 11 de maio de 2010, situarase na parte posterior da vivenda e a fachada posterior distará como máximo 50 mts. do eixo da rúa Areosa.

Orzamento: 1.200 euros.

Prazo de inicio: 6 meses.  
Prazo de execución: 12 meses.

**- D. MANUEL GOLPE VARELA (EXPTE. 2010/006/000050) segundo solicitude de data 6 de maio de 2010**, para cambio de cuberta nunha superficie de 49,00 mts<sup>2</sup>, en Monte 15, referencia catastral: 3017021NJ6121N.

Substituirase a cuberta existente con fibrocemento e tella do país.  
Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.  
Orzamento: 1.225,00 euros.  
Prazo de inicio: 6 meses.  
Prazo de execución: 18 meses.

**- D. FRANCISCO JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ (EXPTE. 2010/006/000051) segundo solicitude de data 7 de maio de 2010**, para colocación de baldosa hidráulica nunha superficie de 25 m<sup>2</sup>, en Chousa 6, referencia catastral: 3914001NJ6140N.

Orzamento: 340 euros.  
Prazo de inicio: 6 meses.  
Prazo de execución: 12 meses.

**- Dna. ROSARIO MANDAÑA FUENTES (EXPTE. 2010/006/000048) segundo solicitude de data 6 de maio de 2010**, para picado e enfoscado de muro de pedra de lonxitude 4 m., en María 41, referencia catastral: 0325405NJ6102N.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.  
Orzamento: 400 euros.  
Prazo de inicio: 6 meses.  
Prazo de execución: 6 meses.

**- D. FRANCISCO BLANCO FERNÁNDEZ (EXPTE. 2010/006/000055) segundo solicitude de data 13 de maio de 2010**, para cambio de piso de madeira e substitución de plaqueta na cociña, en Cristo 24, referencia catastral: 0422034NJ6102S.

A edificación atópase fóra de ordenación por non axustarse á aliñación establecida no PXOM.

As obras son autorizables no marco do art. 49.1 do PXOM, relativo a obras en edificios fóra de ordenación consistentes en obras de conservación, mantemento e de reforma menor, que serán admisibles en todos os casos.

Orzamento: 1.992,00 euros.  
Prazo de inicio: 6 meses.  
Prazo de execución: 6 meses.

## **B) PECHES**

**- D. ANTONIO REY RODRÍGUEZ (EXPTE. 2010/006/000025) segundo solicitude de data 23 de marzo de 2010**, para peche, en A Chousa núm. 12-A, referencia catastral: 4305014NJ6140S.

O peche situarase nunha parcela cualificada polo PXOM como Solo de Núcleo Rural (SNR), polo PXOM.

O peche axustarase ás condicións fixadas no art. 309 do PXOM. A altura total do peche proxectado será de 1,50 metros como máximo, sempre referenciados á rasante da vía. Os peches con fronte a camiño público e en parcelas que presenten unha orografía elevada e crecente respecto do camiño público, o peche realizarase con noiro de pendente máxima 45° que arranque no peche ou se rentranquee un máximo de 5 metros, conforme ao esquema adxunto ao artigo 309 do PXOM.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

A liña de peche situarase na liña establecida pola obra de seguridade vial na AC-122, e que indicarán os técnicos da mesma, ou, se supón unha distancia maior, na aliñación establecida polo PXOM a 7 metros do eixo da vía, debendo solicitar aliñación ao Concello antes da súa execución.

Orzamento: 1.027,40 €

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. JUAN BENIGNO PIÑEIRO RODEIRO (EXPTE. 2010/006/000036) segundo solicitude de data 15 de abril de 2010**, para peche de 18,20 mts. de lonxitude, de formigón e reixa e unha altura total de 1,50 mts., en Francisco Vizoso 54, referencia catastral: 3409002NJ6130N.

É obrigatorio o revoke e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros de altura. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

Distará do eixo da vía pública 7 metros ou zona de expropiación da obra de seguridade vial, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Orzamento: 852,00 €

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

### **C) PROXECTOS DE EXECUCIÓN. PERMISO PARA INICIO DE OBRAS.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da arquitecta municipal, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda conceder permiso para o inicio das obras que de seguido se relacionan:

**- D. JAIME POU MÁ S (N.R.E. 1943/26.04.2010)**, para construción de vivenda unifamiliar

illada, en Simou, referencia catastral: 9907404NJ5190N; dacordo co proxecto de execución asinado polo arquitecto D. Evaristo Lameiro Sánchez, visado polo C.O.A.G. en data 08.04.2010, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2009 (expte. 75/2009). Unha vez aportado o nomeamento oficial de director de execución das obras.

Prazo de inicio: 6 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

Faise constar que non presentan Anexo no que se xustificuen os valores característicos das propiedades dos materiais estruturais nin o cálculo realizado.

Faise constar tamén, que existen erros tipográficos nas fichas xustificativas do HR e do HE.

*NOTA: Reitérase que non se informan os peches que figuran no proxecto ao non reunir todos os datos necesarios. Deberá solicitar licenza para a súa construción.*

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e nove minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE